



# #nenasrebeldes

V CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS  
PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (Lectura, Información e Aprendizaxe)  
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria  
Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

**Modalidade:**

- ❑ 2.- Proxectos de investigación dirixidos por profesorado dun grupo, nivel, ciclo ou departamento, nas seguintes sub-modalidades:
- ❑ b. Traballos de ciclo/departamento  
Niveis implicados:
  - ❑ 5º e 6º de Educación PrimariaProfesorado:
  - ❑ Silvia Mª Fernández Castrillón
  - ❑ Jose Leonardo Fariña García

CEIP Plurilingüe San Marcos - Abegondo  
Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE)  
Curso 2017/2018

## Índice de contidos

<b>Introdución</b>	<b>3</b>
Xustificación e planificación con referencia aos contidos curriculares	4
Criterios e estándares de avaliación	4
Competencias implicadas	5
Calendario de actuación	6
Organización	6
<b>Obxecto ou temática de investigación</b>	<b>7</b>
<b>Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta</b>	<b>7</b>
<b>Documentación elaborada para profesorado e alumnado</b>	<b>9</b>
<b>Relación de tarefas</b>	<b>9</b>
<b>Recursos empregados e fontes de información</b>	<b>10</b>
<b>Implicación da comunidade educativa</b>	<b>11</b>
<b>Difusión dos traballos</b>	<b>11</b>
<b>Avaliación    Procedementos</b>	<b>13</b>
<b>Función e participación da biblioteca escolar.</b>	<b>13</b>
<b>Gráfico resume do proxecto</b>	<b>14</b>



# #nenasrebeldes

(escanear código para acceder ao material e á documentación ou ben premer en <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/node/463>)


## Introdución

Desde hai uns anos, o noso centro ten coma un dos seus sinais de identidade a posta en marcha de proxectos e actividades relacionadas co eido tecnolóxico. [Proxecto Abalar](#) que posteriormente se converte na base da implantación do [proxecto edixgal](#), a integración do traballo con equipos informáticos desde hai anos en todos os niveis educativos, a mellora na dotación tecnolóxica da biblioteca escolar coas diferentes dotacións do [Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares \(PLAMBE\)](#), emprego de tablets, a introdución ao mundo da robótica e da impresión 3D,... son iniciativas que desde o centro se puxeron en marcha co obxectivo de facilitar ao alumnado todas as posibilidades que se poden integrar no mundo da sociedade da información e da comunicación.

Estas posibilidades de conexión, de chegar a diferente tipo de información, de diferentes contidos e de comunicación, fai imprescindible que desde o centro se poñan en marcha actividades e proxectos encamiñados a un bo uso destes medios, a coñecer as diferentes fontes de información, a interpretar as diferentes linguaxes que se empregan, a saber como localizar a información máis relevante e como elaborar a partir destas condicións previas nova información e difundila. Todo isto pensamos que o acadamos a partir dun plantexamento de traballo no que o traballo por proxectos, a participación activa do alumnado en todo o proceso e integrando contidos curriculares ademais das competencias básicas son elementos fundamentais.

Unha análise e avaliación do desenvolvemento e resultados dos diferentes proxectos e actividades que se foron realizando nos últimos anos fixéronnos reflexionar sobre o papel da muller neste mundo tecnolóxico. Analizamos publicacións e artigos en diferentes medios<sup>1</sup> e redes sociais, e podíamos observar coma esta sociedade que estamos construíndo (e na que a escola ten un papel fundamental) estaba afianzando certos papeis e estereotipos que non nos parecían axeitados. Ademais fomos coñecendo previamente a poñernos en marcha con este proxecto iniciativas que xa trataban de poñer en valor o papel da muller neste eido. [ICT go Girls](#) (proxecto que coordina o CESGA (Fundación Centro de Supercomputación de Galicia) <http://cesga.es/>) ou iniciativas como [Wisibilazas](#) (concurso promovido polo [Departamento ETIC](#) da Universitat Pompeu Fabra, Unidade de Excelencia María de Maeztu) animáronnos a realizar este proxecto (ademais de participar no concurso mencionado).

O último empurrón para plantexar este proxecto foi un libro que nos chegou desde a nosa biblioteca e do Club de ciencia que tivemos durante este curso. *Cuentos de buenas noches*<sup>2</sup> para niñas rebeldes aportounos unha motivación extra, no sentido que xa podíamos amosar coma outras mulleres en diferentes campos e con diferentes roles na sociedade eran recoñecidas polo seu labor. Xa tiñamos a nosa “guía” para publicar as nosas biografías sobre as nosas #nenasrebeldes e darlle visibilidade ao labor de mulleres no eido tecnolóxico.



<sup>1</sup> <https://intef.es/blog/programar-para-derribar-estereotipos-de-genero-en-stem-desde-edades-tempranas/>  
<https://www.youtube.com/watch?v=FtGcYjr0gPc>  
<https://miradasconalma.org/noticias/la-ciencia-no-entiende-de-generos/>  
<http://www.rtve.es/noticias/20180628/techo-cristal-cientificas-del-csic-continua-bajando/1757366.shtml>  
<http://www.computing.es/seguridad/noticias/1106077002501/mujeres-salen-de-retaguardia.1.html>

<sup>2</sup> <https://www.planetadelibros.com/libro-cuentos-de-buenas-noches-para-ninas-rebeldes/253911>

## Xustificación e planificación con referencia aos contidos curriculares

A pesar de que nos últimos anos observamos como van diminuindo as desigualdades de xénero hai determinados ámbitos no que continúan a prevalecer actitudes sexistas e situacións nas que se vulneran os dereitos das mulleres. Uns destes ámbitos que a nos como mestres preocupáanos especialmente son o acceso a estudos, mundo laboral e cargos de responsabilidade nos ámbitos de investigación e tecnoloxía. Unha labor e obriga que temos como mestres é a de animar e incentivar as nosas alumnas a que non rexeiten a posibilidade de acceder a un mundo tradicionalmente reservado para homes valorando as súas capacidades e potencialidades e aos nosos alumnos ensinarlles a valorar as aportacións das mulleres como elemento enriquecedor no mundo da ciencia, investigación, tecnoloxía e a vida cotiá en xeral.

A continuación reflectimos os contidos abordados e a súa planificación:

- 1ª FASE: planificación e realización dun proxecto e pequenas investigacións, composición dunha entrevista nun contexto real
- 2ª FASE: organización da información recollida e preparación da mesma para a súa difusión por medio dun formato de páxina web
- 3ª FASE: Sexismo, roles de xénero e estereotipos, evidencias da discriminación das mulleres nos ámbitos científico e tecnolóxico, visibilidade das mulleres no ámbito da tecnoloxía e recoñecemento da súa contribución.

## Crterios e estándares de avaliación

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
Comprender os conceptos básicos do ámbito da igualdade aplicándoos á vida real e en concreto aos ámbitos científicos e tecnolóxicos.	Observa as diferencias nas eleccións entre mulleres e homes no ámbito da tecnoloxía e investigación. Analiza as causas que determinan as eleccións das mulleres e dos homes en relación aos seus estudos e ámbito laboral. Valora a igualdade na toma de decisións e rexeita estereotipos e prexuízos sexistas.
Extraer conclusións sobre a diferente participación de homes e mulleres nos ámbitos científicos e tecnolóxicos.	Compara a adquisición dos dereitos por parte das mulleres e dos homes e recoñece as situacións discriminatorias que dan lugar á desigualdade en cuanto á formación e emprego en determinados campos.
Identificar a participación de mulleres e homes en cargos de responsabilidade recoñecendo a diversidade de situacións discriminatorias de cara ás mulleres e analizando as consecuencias negativas para o desenvolvemento da autonomía persoal.	Busca e selecciona mostras da desigualdade por razón de sexo e xénero a través de diferentes exemplos: acceso ao mundo laboral, salarios, masculinización e feminización dos perfís profesionais, uso de las novas tecnoloxías,...

Cofiecer e valorar o papel das mulleres na actualidade e da nosa contorna no ámbito da tecnoloxía	Consulta e utiliza, de forma autónoma, fontes de información básicas (dixitais e outras) para a realización de traballos sinxelos sobre o labor de mulleres representativas no campo da tecnoloxía
Elaborar unha entrevista como medio de recollida de información	Redacta unha entrevista seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características
Buscar, editar e preparar a información para a súa difusión e publicación na web	Edita e sintetiza a información precisa e necesaria para a publicación na web e a creación de novos contidos

## Competencias implicadas

A principais competencias implicadas neste proxecto son as seguintes:

**Competencia en comunicación lingüística:** dado que refírese á habilidade para empregar a lingua, expresar ideas e interactuar con outras persoas de xeito oral o escrita. O noso alumnado deberán redactar unha entrevista formal para recoller información dunha persoa que non coñecen e que posteriormente levarán a cabo de xeito oral por medio de distintas canles (videoconferencia, presencial, Hangout,...)



**Competencia dixital:** dado que implica o uso seguro e crítico das TIC para obter, analizar, producir e intercambiar información. O noso alumnado non só empregarán medios tecnolóxicos para realizar as entrevistas senón que o obxectivo final deste proxecto é a elaboración dunha páxina web na que reflectirán toda a información recollida. Por outra banda todo o traballo desenvolverase a través da “nube”.

**Aprender a aprender:** xa que implica que o alumnado desenvolva a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de xeito individual o colaborativo para conseguir un obxectivo. O noso alumnado deberá organizar, planificar e repartir o traballo para cada membro do equipo tendo en conta a limitación de tempo, cada un deberá responder das súas responsabilidades para que o resultado final sexa o axeitado.

**Competencias sociais e cívicas:** posto que fai referencia ás capacidades para relacionarse coas persoas e participar de xeito activo, participativo e democrático en la vida social e cívica. O noso alumnado non só deberá interactuar axeitadamente con mulleres que non coñecen para facerlles a entrevista senón que deberán crear unha conciencia ao respecto da importancia da presenza das mulleres nestes ámbitos valorando as dificultades que atoparon no camiño e actuando de xeito activo na eliminación da desigualdade de oportunidades para as nenas e mozas nas actividades relacionadas coa ciencia, investigación e tecnoloxía.

**Sentido da iniciativa e espírito emprendedor** dado que implica as habilidades necesarias para converter as ideas en actos, como a creatividade ou as capacidades para asumir riscos e planificar e xestionar proxectos. O noso alumnado deberá plasmar nunha entrevistas e deseño de páxina web as ideas que teñen en relación á información que precisan recoller e difundir, deberán planificar e xestionar segundo as responsabilidade de cada quen no grupo o traballo e empregar a súa creatividade para dar formato o mais orixinal e organizado posible a súa páxina web.



## Calendario de actuación

Temporalización	Tarefas
1º semana	formación de grupos, asignar roles e organización do traballo (nomear responsable, crear carpeta compartida no Drive, establecer un calendario de traballo,...) búsqueda da muller protagonista de cada grupo de traballo observación de exemplos de biografías na Wikipedia
2º semana	elaboración de listado de preguntas para redactar a entrevista listado de elementos que poden precisar para que a páxina web sexa máis atractiva (fotos, vídeos, arquivos de audio,...)
3º semana	planificación do deseño da páxina web
4º semana	entrevistas por distintas vías (videoconferencias con diferentes aplicacións) análise da experiencia: valoración dos perfís entrevistados, importancia dos cargos ocupados polas mulleres entrevistadas, valoración do esforzo realizado por estas mulleres para chegar ata onde están, análise das dificultades que atoparon no seu camiño,....
5º semana	revisión e montaxe final da páxina web

## Organización

Este proxecto pranteouse dun xeito transversal e voluntario para o alumnado de 5º e 6º nivel a partires das inquedanzas dos mestres implicados: o mestre en Educación Física e a especialista en Pedagogía Terapéutica. Dado que non era unha actividade que abranguera a todo o alumnado e non dispoñiamos de sesións dentro do horario establecido para cada nivel, foi preciso que as reunións de traballo se desenvolveran durante as horas de ler e fóra do horario lectivo (recreo de comedor).

Participaron de xeito voluntario un total de 16 alumnos e alumnas de 6º distribuídos en dous grupos de traballo e 7 alumnos e alumnas de 5º nun único grupo.

Ao longo da semana distribuíamos as sesións de traballo do seguinte xeito:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
sesión conxunta de todos os grupos de 14:00 a 14:30	sesión conxunta de todos os grupos na hora de ler (12:05/12:25)	sesión de traballo para o alumnado de 5º na hora de ler	sesión de traballo para 6º nivel na hora de ler	sesión conxunta de todos os grupos de 14:00 a 14:30

O traballo desenvolveuse ao longo de 5 semanas nas que ademais das sesión de traballo no centro os alumnos podían traballar en equipo dende as súas casas fóra do horario lectivo xa que os membros de cada un dos grupos compartían os documentos de traballo a través do Drive.

## Obxecto ou temática de investigación

Como mencionamos na introdución desta memoria, a idea principal do proxecto era a de facer visible o traballo de mulleres no eido científico e tecnolóxico. Neste caso o estudo centrouse no eido tecnolóxico, da sociedade da información, da creación de contidos dixitais e nas novas plataformas e medios para a aprendizaxe ao longo da vida. Por concretar os obxectivos podemos mencionar:

- Investigar o papel da muller no eido da sociedade da información (tecnoloxías da información e da comunicación - TIC, aplicacións, redes sociais, novos medios e novas formas de difundir información,...)
- Facer visibles ás mulleres con responsabilidades e iniciativas no eido das TIC.
- Afianzar a idea de que non é un mundo reducido aos homes.

## Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta

Para tentar facer una planificación axeitada recurrimos a dous tipos diagramas que nos permiten plasmar cal foi o plantexamento inicial e como chegamos ao resultado final. Para isto amosamos o noso Análise DAFO (debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades)<sup>3</sup> e o ciclo de Deming (Plan, Do, Check, Act)<sup>4</sup>, no que se propoñen 4 pasos na realización dun proxecto.


\$Q Q/H' \$) 2 ' HEIGDGHMB\$ P HDJ DVB) RUDQJ DVB2 SRUXQIGDGHV

<sup>3</sup> DAFO: [https://es.wikipedia.org/wiki/An%C3%A1lisis\\_DAFO](https://es.wikipedia.org/wiki/An%C3%A1lisis_DAFO)

<sup>4</sup> Ciclo de Deming: [https://es.wikipedia.org/wiki/C%C3%ADrculo\\_de\\_Deming](https://es.wikipedia.org/wiki/C%C3%ADrculo_de_Deming)



&IF@GH' HP IQJ 3' &\$ 3 0QB' RB&KHFN\$FW





# Documentación elaborada para profesorado e alumnado

A documentación que se tomou como base para a realización do proxecto foi a indicada nas bases do concurso. Para o profesorado implicado é habitual realización de traballos ou memorias baseándose nunhas condicións determinadas (formatos, páxinas, tipos de letra, contidos,...). Pola contra para o alumnado, aínda que con experiencia á hora de traballar con condicións previas (elaboración dun póster, cartel, presentación, documento,... cunhas condicións determinadas), estas poden ser discutidas, consultadas ou negociadas en ocasións. Neste caso ao vir marcadas dun axente externo, estas condicións eran imprescindibles para poder participar no concurso, poder presentar o traballo e ter opcións a ser finalistas. Ademais, algunhas das condicións eran descoñecidas ou non habituais co que houbo que investigar o que significaban, en que medida condicionaban o traballo, a busca de información, as condicións de publicación e os prazos. Para isto tomamos como referencia a propia páxina do concurso: <https://www.upf.edu/web/wisibilizalas>

## Relación de tarefas

Unha das condicións que queríamos que o alumnado tivese presente era a necesidade de establecer fitos, puntos de control que permitisen levar un control do proxecto, do seu desenvolvemento e dos tempos que tiñamos que manexar. Despois de intercambiar opinións, establecer algúns debates na clase ben en grupos ou en gran grupo a lista de tarefas final foi esta:

1. Análise do concurso e constitución dos grupos de traballo
2. Inscripción no concurso
3. Análise da documentación e das condicións de partida.
4. Tomar como referencia outras biografías doutras edicións anteriores e das publicacións da wikipedia.
5. Selección de persoas:
  - 5.1. Coñecer a información pública e o seu perfil
  - 5.2. Toma de contacto emprego de linguaxe formal, emprego do correo electrónico (normas de uso, partes), esperar resposta, tempos da comunicación,...
  - 5.3. Recollida de información
6. Preparación das entrevistas partes dunha entrevista, datos que nos interesan coñecer, como son os tempos da entrevista, o formato da entrevista, aplicacións, necesidades, como ten que ser o produto final (video, audio, texto,...)
7. Realizar a entrevista contactar coas persoas implicadas, fixar datas, o escenario, necesidades materiais, como se recolle a información
8. Publicación e maquetación da información publicar na web, recursos, formatos, propiedade intelectual, protección de datos,...

Task	Start	End	Dependencies
Personas para trabajar	Mon	Tue	
Análisis de la información	Tue	Wed	Personas para trabajar
Preparación de la entrevista	Wed	Thu	Análisis de la información
Realización de la entrevista	Thu	Fri	Preparación de la entrevista
Publicación de la información	Fri	Sat	Realización de la entrevista
Maquetación de la información	Sat	Sun	Publicación de la información

# Recursos empregados e fontes de información

## Recursos materiais:

1. **Espazos:** como espazos principais para o desenvolvemento das actividades do proxecto empregouse a biblioteca, a aula de informática e unha aula multiuso. A biblioteca por facilitarnos as condicións de traballo axeitadas, con espazos e equipamento que nos facilitaba a xestión das actividades. A aula de informática e aula multiuso polas condicións de conectividade e de equipamento (incluído o equipamento abalar/edixgal) facilitaban o traballo dos diferentes grupos.
2. **Técnicos:** equipamento abalar/edixgal, equipamento da biblioteca (tablets e os ordenadores cos que facíamos as videoconferencias). Este equipamento permitíanos traballar de xeito colaborativo e nunhas condicións nas que podíamos acceder á información en calquera momento e lugar.

### 3. Aplicacións empregadas:

- 3.1. [LibreOffice](#) como suite para editar textos e planificar o traballo
- 3.2. [Google suite para educación](#). Levamos uns anos traballando con este recurso no que poñemos á disposición do alumnado e do profesorado todos os servizos de Google: correo electrónico, DRIVE, documentos de texto, presentacións, calendarios,... Con estas ferramentas almacenamos e compartimos información do proxecto (Drive), elaboramos documentos de forma colaborativa (presentacións e documentos nos que participaban diferentes persoas do grupo), marcamos tempos (calendario), puxéronse en contacto coas persoas entrevistadas (gmail), planificamos o proxecto (follas de cálculo). Finalmente empregamos google site para a publicación da información das entrevistas realizadas.
- 3.3. [Audacity](#): para a gravación en formato de audio das entrevistas e poder consultalas posteriormente.
- 3.4. Ferramentas para as videoconferencias: [Skype](#), [Hangout](#), [Aulas Cemit](#) e [webminar do CESGA](#). Estas ferramentas ademais de poder comunicarnos é a posibilidade de emitir en directo a entrevista (hangout) e realizar gravacións para un uso posterior.
- 3.5. [Genially](#) para amosar os contidos dun xeito máis dinámico e a liña do tempo do proxecto.
- 3.6. [Web do centro](#) ([proxecto websdinámicas](#) e a [nosa canle de Twitter](#) para a difusión dos contidos do proxecto.

### 4. Fontes consultadas

- 4.1. Fonte do concurso e que marcaba as condicións de participación: <https://www.upf.edu/web/wisibilizalas>
- 4.2. [Wikipedia](#) e [Galipedia](#), por ser a base para a publicación de contidos e que se toma como referencia.
- 4.3. Empresas e institucións nas que traballan as persoas seleccionadas:
  - 4.3.1. [AMTEGA - Xunta de Galicia](#)
  - 4.3.2. [Netex Learning](#)
  - 4.3.3. [CESGA](#)
  - 4.3.4. [Contidos dixitais](#)
- 4.4. Xornais, blogs e proxectos nos que están participando ou participaron as persoas implicadas.
  - 4.4.1. <https://codigocero.com/>

- 4.4.2. Diferentes páxinas e recursos despois de realizar búsquedas na rede. Tentouse explicar a necesidade de realizar unha análise da información recollida, analizar a veracidade da mesma, idoneidade da información aportada,...

## Implicación da comunidade educativa

A participación da comunidade educativa foi necesaria e imprescindible para o desenvolvemento da actividade.

### **Profesorado do centro:**

Dado que as persoas responsables do proxecto non éramos titoras dos nenos e nenas participantes tivemos que contar coa colaboración das persoas titoras de 5º e 6º (4 persoas).

### **Equipos de traballo**

Desde a Dirección do centro e desde o equipo de bibliotecas que xestionan en parte os horarios do centro e as actividades da hora de ler, facilitouse a participación do alumnado nesta actividade

### **Familias**

A implicación do alumnado e o desenvolvemento en ocasións das actividades fóra do horario lectivo (a mediodía despois do comedor e antes das clases da tarde) autorizando a participación do alumnado fixo imprescindible esta actividade. Ademais, unha das mulleres seleccionadas é nai dunha alumna do centro, co que a representación das familias estaba integrada no proxecto.

### **Concello e outras institucións**

Poñendo á nosa disposición a Aula CEMIT do Concello de Abegondo, facilitando así a conexión coa responsable de Amtega

## Difusión dos traballos



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/node/463>

Nesta entrada na nosa páxina web difundimos o proxecto na súa totalidade. A través desta aplicación (genially) lanzábase toda a información recollida e publicada polo alumnado. Para acceder á información completa seguir estes pasos:



Ademais desta difusión empregamos a nosa canle de twitter coas etiquetas #wisibilízalas #quenfaique .

Neste proceso de difundir a nosa experiencia, empregamos as infografías que nos posibilita Genially para amosar como foi o proceso deste proxecto de xeito esquemático e resumido.



## Avaliación || Procedementos

Para a avaliación deste proxecto centramos a atención en tres elementos: o alumnado, o profesorado e o resultado.

\$/ 80 1 \$' 2. Para a avaliación do alumnado empregamos:

- diarios de aprendizaxe no que recolleamos a actividade realizada en cada sesión, puntos débiles/fortes da organización do traballo, se completaron ou non o traballo programado para cada sesión e propostas de mellora de cara a seguinte sesión.
- rúbricas a través das cales obteremos información máis axustada

352 ) ( 625 \$' 2. O carácter voluntario da actividade, que non levou a cabo todo o alumnado de 5º e 6º nivel, que as sesións de traballo desenvolvéronse nas horas de ler e fóra do horario lectivo e que o tempo que tiñamos marcado pola convocatoria do concurso era escaso eran factores que podían desestabilizar o que inicialmente estaba previsto no proxecto. Para valorar e facer un seguimento axeitado destes e outros aspectos empregamos:

- realización de reunións de seguimento nas que abordamos aspectos como a temporalización, a planificación do traballo, cumprimento de obxectivos de cada sesión,...
- a través dos diarios de aprendizaxe, traballos do alumnado e rúbricas obteremos o feedback das nosas propostas.

5 ( 68/ 7\$' 2 O resultado final tiña que ser acorde coas normas establecidas na convocatoria do concurso. Para determinar se o contido final cumpría estas normas empregamos rúbricas.

## Función e participación da biblioteca escolar.

A participación da biblioteca escolar no desenvolvemento da actividade resultou imprescindible por:

**Espazo**, constituíndo un espazo de traballo axeitado para o traballo facilitando os agrupamentos, a flexibilidade á hora de empregar o espazo en diferentes momentos e horarios (incluído fóra do horario lectivo) e os materiais.

**Recursos tecnolóxicos**, tanto aos dispoñibles como poden ser tablets, recursos para as videoconferencias ou a conectividade dispoñible para o equipamento abalar/edixgal co que se traballaba.

**Fontes e recursos bibliográficos**, dispoñendo de exemplos para as entrevistas, exemplos de biografías, revistas ademais de toda a información dispoñible en internet.

**Xestión de horarios**, ao ser unha actividade fóra do ámbito do traballo de clase, co emprego da hora de ler, fóra do horario lectivo e nalgúns momentos de lecer a xestión que se facía estaba dirixida desde o equipo da biblioteca.

# Gráfico resume do proxecto

